

## **7.2.-. REGULAMENTO DE PROVISIÓN DE POSTOS DE TRABAJO DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**

aprobado por acordo plenario do 22 de xullo de 1997.  
publicado no BOP de A Coruña do 26 de setembro de 1997.

### **CAPÍTULO PRIMEIRO**

#### **Disposicións xerais**

##### ***Artigo 1. Ámbito de aplicación.***

1. O presente Regulamento será de aplicación aos procedementos de provisión de postos de traballo reservados a persoal funcionario no Concello de Santiago, ao abeiro do establecido na relación de postos de traballo.

2. As presentes normas serán de aplicación supletoria aos procedementos de provisión de postos desempeñados por persoal laboral, no non previsto no seu convenio colectivo e demais lexislación específica.

##### ***Artigo 2 .- Formas de provisión.***

1. Os postos de traballo adscritos a funcionarios proveranse de acordo cos procedementos de concurso, que é o sistema normal de provisión, ou de libre designación, conforme o que determine a relación de postos de traballo, en atención á natureza das súas funcións.

2. Cando as necesidades do servizo o esixan, os postos de traballo poderán cubrirse mediante redistribución ou reasignación de efectivos como consecuencia dun plan de emprego e de acordo co que se establece neste regulamento.

3. Temporalmente poderán ser cubertos mediante comisión de servizos ou adscrición provisional, nos supostos e nas condicións previstas neste regulamento.

##### ***Artigo 3. Convocatorias.***

1. Os procedementos de concurso e libre designación para a provisión dos postos de traballo do Concello de Santiago rexeranse pola convocatoria respectiva que se axustará ao disposto neste regulamento e nas normas específicas que resulten aplicables.

2. As convocatorias para a provisión de postos de traballo faranse públicas no DOG e mediante anuncio no taboleiro de edictos do Pazo de Raxoi e demais centros de traballo dependentes do Concello. Comunicaranse tamén á Xunta de Persoal e ao Comité de Empresa.

### **CAPÍTULO SEGUNDO**

#### **Provisión de postos de traballo mediante concurso.**

##### ***Artigo 4. Convocatorias de concursos.***

As convocatorias de concursos de provisión de postos de traballo no Concello de Santiago serán aprobadas polo Pleno da Corporación. As ditas convocatorias deberán conter as bases nas que constará a denominación, nivel, descrición e localización dos postos de traballo ofrecidos, os requisitos indispensables para o seu desempeño, os méritos a valorar, o baremo de puntuación e, de ser o caso, a previsión de memorias ou entrevistas e a composición das comisións de valoración.

##### ***Artigo 5. Requisitos e condicións de participación.***

1. Os funcionarios, calquera que sexa a súa situación administrativa, agás os suspensos en firme que non poderán participar mentres dure a suspensión, poderán tomar parte nos concursos sempre que reúnan as condicións xerais esixidas e os requisitos determinados na convocatoria na data que remate o prazo de presentación de instancias.

2. Cada funcionario poderá solicitar ata un máximo de tres postos na convocatoria do concurso.

3. Os funcionarios deberán permanecer en cada posto de traballo de destino definitivo un mínimo de dous anos para poder participar nos concursos de provisión agás supresión do posto de traballo, ou no suposto de remoción previsto no presente Regulamento.

##### ***Artigo 6. Presentación de solicitudes.***

1. As solicitudes dirixiranse á alcaldía e, en caso de ser varios os postos solicitados, conterán a orde de preferencia.

2. As solicitudes presentaránse no prazo de 15 días hábiles a partir do seguinte ao da publicación da convocatoria no DOG.

##### ***Artigo 7. Méritos.***

No concurso teranse en conta os méritos que seguen:

###### **1.- Nivel consolidado**

Puntuará ata un máximo de 13 puntos do seguinte xeito:

a) Por ter consolidado un grao persoal igual ou superior ao nivel do posto que se solicita: 13 puntos.

b) Por ter consolidado un grao persoal inferior ao do posto que se solicita: 10 puntos.

## 2.- Traballo desenvolto

Puntuará ata un máximo de 12 puntos, a razón de 2 por ano de servizo na mesma área funcional á do posto que se solicita.

## 3.- Formación

Puntuarase ata un máximo de 20 puntos.

Unicamente se valorarán os cursos de formación e perfeccionamento expresamente incluídos nas convocatorias, que deberán versar sobre materias directamente relacionadas coas funcións propias dos postos de traballo ofrecidos e estar organizados por entidades públicas ou homologados por elas.

a) Por participar como alumno nun curso de menos de 40 horas: 1 punto.

b) Por participar como alumno nun curso de 40 horas ou máis: 2 puntos.

c) Por participar como profesor nun curso de menos de 40 horas: 2 puntos

d) Por participar como profesor nun curso de 40 horas ou máis: 4 puntos.

e) Por ter unha titulación superior á requirida para o desempeño do posto e relacionada co mesmo: 5 puntos máis por cada grao ata un máximo de 10 puntos.

## 4.- Antigüidade

Puntuarase ata un máximo de 30 puntos.

Valoraranse os anos de servizo a razón de 0.25 puntos por cada mes. Amais dos servizos no Concello de Santiago teranse en conta os prestados noutras administracións.

En caso de empate na puntuación total obtida polos apartados anteriores acudirse para dirimilo á outorgada polos apartados anteriores pola mesma orde -primeiro o grao persoal consolidado, segundo o traballo desenvolto, terceiro a formación e finalmente a antigüidade. De persistir o empate acudirse á data de ingreso como funcionario de carreira no corpo ou escala desde o que se concursa e, de non se solucionar, á posición acadada no ingreso.

Os méritos valoraranse con referencia á data en que se pecha o prazo de presentación de instancias e acreditaranse documentalmente mediante as correspondentes certificacións, agás que as

acreditacións estean en poder da administración e así se especifique na convocatoria.

Poderá pedirse formalmente aos interesados as aclaracións ou, de ser o caso, a documentación adicional que se considere necesaria para comprobar os méritos alegados.

Nas convocatorias deberáse fixar unha puntuación mínima para a adxudicación de destino.

### **Artigo 8 . Concursos específicos.**

Cando, en atención á natureza dos postos a cubrir, así se determine nas convocatorias ou na relación de postos, os concursos poderán constar dunha segunda fase que consistirá na valoración dos méritos específicos axeitados ás características de cada posto.

Para este fin a convocatoria establecerá a elaboración dunha memoria e, de consideralo conveniente a Comisión de Valoración, realizarase tamén unha entrevista.

Nestes supostos, na convocatoria figurará a descrición do posto de traballo, que deberá incluír as especificacións derivadas das funcións encomendadas e a relación das principais tarefas e responsabilidades que o caracterizan. Así mesmo, a convocatoria deberá fixar os méritos específicos axeitados ás características do posto mediante a delimitación dos coñecementos profesionais, estudos, experiencia necesaria, titulación, de ser o caso, e demais condicións que garantan esa adecuación para o desempeño do posto.

A memoria consistirá nunha análise das tarefas do posto e dos medios necesarios para o seu desempeño, a xuízo do candidato, baseándose na descrición contida na convocatoria.

A Comisión de Valoración poderá, opcionalmente realizar entrevistas para analizar o contido da memoria.

Os aspirantes con algunha discapacidade poderán solicitar na instancia de participación as posibles adaptacións de tempo e medios para a realización das entrevistas.

A puntuación máxima desta segunda fase será de 25 puntos e será a media aritmética das outorgadas por cada un dos membros da Comisión de Valoración, debendo rexeitarse a máxima e a mínima concedidas ou unha das que aparezan repetidas como tales. As puntuacións outorgadas, así como a valoración final, deberán recollerse na acta.

### **Artigo 9 . Comisións de Valoración**

1.- As comisións de valoración terán a seguinte composición:

Presidente: O da Corporación ou Concelleiro en quen delegue.

Vocais: O xefe do servizo ou superior xerárquico ao que este adscrito o posto de traballo obxecto de concurso.

Un representante designado pola comunidade autónoma.

Un representante de cada grupo político municipal.

Un representante de cada unha das seccións sindicais máis representativas no Concello.

Secretario: Un funcionario municipal.

2.- Os vocais das comisións deberán pertencer a un grupo de titulación igual ou superior ao esixido para os postos convocados. Nos concursos específicos deberán, ademais posuír o grao persoal ou desempeñar postos de nivel igual ou superior ao dos convocados.

3.- As comisións de valoración poderán solicitar da autoridade convocante a designación de expertos en calidade de asesores que actuarán con voz e sen voto.

#### **Artigo 10. Resolución.**

A Comisión de Valoración, na propostas de resolución, deberá facer constar a puntuación en cada apartado e a total de cada un dos candidatos, ordenadas de maior a menor, propoñendo para o posto ó que obtivese maior puntuación total.

Á resolución do concurso motivarase con referencia ao cumprimento das normas regulamentarias e das bases da convocatoria. En todo caso, deberán quedar acreditadas no procedemento, como fundamentos da resolución adoptada, a observancia do procedemento debido e a valoración final dos méritos dos candidatos.

Logo de formulada a proposta pola Comisión de Valoración o alcalde resolverá o concurso. Esta resolución publicarase no DOG e no taboleiro de edictos do Concello.

O prazo para a resolución do concurso será de dous meses desde o día seguinte ao da finalización do prazo de solicitude, agás que, en supostos excepcionais, a propia convocatoria estableza outro distinto.

#### **Artigo 11. Toma de posesión.**

1. O prazo para tomar posesión do novo destino obtido será de tres días hábiles.

O prazo de toma de posesión empezará a contarse a partir do día seguinte ao do cesamento ou do cambio de situación administrativa que en cada caso corresponda, que deberá efectuarse dentro dos tres días hábiles seguintes á publicación da resolución definitiva do concurso. Se a resolución supón o reingreso ao servizo activo, o prazo de toma de posesión deberá contarse desde a súa publicación.

O cómputo do prazo para efectuar o correspondente cesamento no seu anterior destino non se iniciará mentres non finalice o permiso ou licencia que, se é o caso, fora concedidos ao interesado.

O destino adxudicado será irrenunciable salvo que, con anterioridade á finalización do prazo de toma de posesión, o interesado obteña outro destino. Neste caso, poderá optar por un dos dous, quedando obrigado a comunicar por escrito a opción escollida no prazo dos tres días seguintes.

#### **Artigo 12.- Impugnación.**

As convocatorias e os actos derivados destas poderán impugnarse consonte o establecido na Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

#### **Artigo 13. Remoción do posto de traballo.**

Os funcionarios que accedan a un posto de traballo polo procedemento de concurso, poderán ser removidos por causas derivadas dunha alteración no contido do posto realizada a través da relación de postos de traballo, que modifique os requisitos ou condicións que serviron de base á convocatoria, ou dunha falta de capacidade para o seu desempeño manifestada por rendemento insuficiente ou inhibición e que impida realizar con eficacia as funcións atribuídas ao posto.

A remoción efecturase logo dun expediente contradictorio mediante resolución motivada do órgano que realizou o nomeamento, oída a Xunta de Persoal ou o Comité de Empresa, segundo proceda.

Este procedemento non será de aplicación nas convocatorias de duración determinada unha vez rematadas.

### **CAPÍTULO TERCEIRO**

#### **Provisión de postos por libre designación.**

#### **Artigo 14. Procedemento de libre designación**

1. A facultade de prover os postos de libre designación corresponde ao alcalde.

2. Só poderán cubrirse por este sistema aqueles postos de carácter directivo ou de especial responsabilidade que se determinen na relación de postos de traballo, reservándose inicialmente para este sistema os postos con nivel de complemento de destino igual ou superior ao 28, así como a xefatura de negociado da Alcaldía.

#### **Artigo 15. Convocatoria.**

A designación realizarase logo da convocatoria pública, na que ademais da descrición do posto e os requisitos para o seu desempeño contidos na relación de postos de traballo, poderán recollerse as especificacións derivadas da natureza das funcións encomendadas ao mesmo.

#### **Artigo 16. Solicitudes.**

As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral do Concello dentro dos quince días hábiles seguintes ao da publicación da convocatoria no DOG dirixidas ao alcalde.

#### **Artigo 17. Nomeamentos.**

1. Os nomeamentos produciranse no prazo máximo dun mes, contado desde a finalización da presentación de solicitudes. O dito prazo poderá prorrogarse excepcionalmente ata un mes máis.

2. As resolucións de nomeamento motivaranse con referencia ao cumprimento por parte do candidato elixido dos requisitos e especificacións esixidos na convocatoria, e a competencia para proceder ao mesmo.

#### **Artigo 18. Toma de posesión.**

O réxime de toma de posesión do novo destino será o establecido para os concursos.

#### **Artigo 19. Cesamento**

1. Os funcionarios nomeados para postos de traballo de libre designación poderán ser cesados con carácter discrecional. A motivación desta resolución referirase á competencia para adoptala.

2. Os funcionarios cesados nun posto de libre designación serán adscritos provisionalmente a un posto de traballo correspondente ao seu corpo ou escala non inferior en máis de dous niveis ao do seu grao persoal, ata que obteñan outro con carácter definitivo, con efectos do día seguinte ao da data do cese.

### **CAPÍTULO CUARTO**

### **Outras formas de provisión**

#### **Artigo 20. Redistribución de efectivos.**

1. Os funcionarios que ocupen postos non singularizados poderán ser adscritos por necesidades do servizo a outros da mesma natureza, nivel de complemento de destino e complemento específico, sempre que para a provisión dos referidos postos estea establecido igual procedemento.

Para estes efectos, considéranse postos non singularizados aqueles que non se individualizan ou distinguen dos restantes na relación de postos de traballo.

As citadas adscricións poderanse realizar en virtude de resolución motivada polo presidente da Corporación.

2. Igualmente, con obxecto de racionalizar os cadros de persoal, os titulares de prazas con denominación específica e concreta, poderán ser designados para desempeñar postos de traballo reservados a funcionarios de administración especial dentro do mesmo corpo e grupo de clasificación, asignándolles funcións xerais dentro do Concello, aínda que a convocatoria da praza fixera referencia a un determinado centro.

Para estes efectos, ningunha praza poderá ter un ámbito de actuación reservado a un único centro, considerándose os mesmos como integrados e suxeitos ás necesidades do servizo ao Concello como conxunto.

#### **Artigo 21. Reasignación de efectivos.**

1.- Os funcionarios que ocupen postos de traballo que sexan obxecto de supresión como consecuencia dun plan de emprego poderán ser destinados a outro posto de traballo polo procedemento de reasignación de efectivos.

Esta reasignación de efectivos levarase a cabo aplicando criterios obxectivos relacionados coas aptitudes, formación, experiencia e antigüidade dos traballadores, que se concretarán no propio plan, de acordo co no artigo 20.g) da Lei 30/84 de medidas para a reforma da función pública.

A adscrición ao posto adxudicado por reasignación terá carácter definitivo.

#### **Artigo 22. Reingreso ao servizo activo.**

1. O reingreso ao servizo activo dos funcionarios que non teñan reserva de posto de traballo efectuarase, condicionado ás necesidades do servizo, mediante adscrición provisional, sempre que

os aspirantes reúnan os requisitos para o desempeño dos postos vacantes.

O posto asignado con carácter provisional convocarase para a súa provisión definitiva no prazo máximo dun ano e o funcionario terá obriga de participar na convocatoria, solicitando o posto que ocupa provisionalmente.

#### **Artigo 23. Adscrición provisional.**

Os postos de traballo poderán proveerse por medio de adscrición provisional só nos seguintes supostos:

a) Remoción ou cesamento nun posto de traballo provisto por concurso ou libre designación respectivamente.

b) Supresión do posto de traballo na correspondente relación.

c) Reingreso ao servizo activo dos funcionarios sin reserva de posto de traballo, de acordo co disposto neste regulamento.

#### **Artigo 24. Comisións de servizos.**

1. No suposto previsto no artigo 4.2.a) do Regulamento de situacións administrativas dos funcionarios da Administración do Estado, aprobado polo Real decreto 730/1986, do 11 de abril, cando un posto de traballo quede vacante poderá ser cuberto, en caso de urxencia e inaprazable necesidade, con outro funcionario que reúna os requisitos establecidos para o seu desempeño na relación de postos de traballo en comisión de servizos de carácter voluntario.

2. Poderán acordarse tamén comisións de servizos de carácter forzoso cando, celebrado concurso para a provisión dunha vacante, esta se declare deserta e sexa urxente cubrila.

3. As comisións de servizos definidas nos apartados anteriores terán unha duración máxima dun ano.

4. O posto de traballo cuberto temporalmente, consonte o disposto nos apartados 1 e 2 anteriores, será incluído necesariamente na seguinte convocatoria de provisión polo sistema que corresponda. Se o posto continúa vacante, poderá prorrogarse a comisión de servizos ata un ano máis.

5. A competencia para acordar a comisión de servizos corresponderá ao alcalde.

6. Aos funcionarios en comisión de servizos reservaráselles o posto de traballo e percibirán a totalidade das súas retribucións con cargo á partida do orzamento en que figuren dotados os postos de traballo que realmente desempeñen.

#### **Artigo 25. Atribución temporal de funcións.**

1. En casos excepcionais, o alcalde poderá atribuír aos funcionarios municipais o desempeño temporal en comisión de servizos de funcións especiais que non estean especificamente asignadas aos postos incluídos na relación, ou a realización de tarefas que, por causa do seu maior volume temporal ou outras razóns conxunturais, non poidan ser atendidas polos funcionarios que as desempeñan habitualmente.

#### **Artigo 26. Mobilidade de postos de traballo non singularizados.**

1. O Concello promoverá cada dous anos, ou, cando menos, antes da oferta de prazas para persoal externo, unha convocatoria de traslados entre postos de traballo non singularizados. Nesta convocatoria incluíranse os destinos que permanezan vacantes ou ocupados por funcionarios que previamente solicitaran por escrito o cambio de destino.

2. En caso de que máis de un solicitante manifeste a súa preferencia por un posto recorrerase ao procedemento concursal definido no presente regulamento.

### **CAPÍTULO QUINTO**

#### **Carreira profesional**

##### **Artigo 27. Grao persoal.**

1. Os postos de traballo clasifícanse en 30 niveis.

2. Todos os funcionarios de carreira do Concello de Santiago adquirirán un grao persoal polo desempeño dun ou máis postos dun nivel determinado durante dous anos continuados ou tres con interrupción, calquera que sexa o sistema de provisión, agás do disposto no apartado 6 deste artigo.

Maila o exposto no parágrafo anterior, os funcionarios que obteñan un posto de traballo superior en máis de dous niveis ao correspondente ao seu grao persoal, consolidarán cada dous anos de servizos continuados o grao superior en dous niveis ao que posúen, sen que en ningún caso poidan superar o correspondente ao seu corpo ou escala.

3. Os funcionarios consolidaran como grao persoal inicial o correspondente ao nivel do posto de traballo adxudicado logo da superación do proceso selectivo, agás que voluntariamente pasen a desempeñar un posto de traballo de nivel inferior, consolidando neste caso o nivel correspondente a este último.

4. Se durante o tempo en que o funcionario desempeña un posto se modifica o nivel do mesmo,

o tempo de desempeño computarase co nivel máis alto en que o posto estivera clasificado.

5. Cando un funcionario obteña destino de nivel superior ao do grao en proceso de consolidación, o tempo de servizos prestados naquel será computado para a referida consolidación.

Cando un funcionario obteña destino de nivel inferior ao do grao en proceso de consolidación, o tempo de servizos prestados en postos de nivel superior poderá computarse para a dita consolidación.

6. Unha vez consolidado o grao inicial, e sen prexuízo do disposto no segundo parágrafo do apartado 2 deste artigo, o tempo prestado en comisión de servizos será computable para consolidar o grao correspondente ao posto desempeñado sempre que se obteña con carácter definitivo o dito posto ou outro de igual ou superior nivel.

Si o posto obtido con carácter definitivo fora de nivel inferior ao desempeñado en comisión de servizos e superior ao do grao consolidado, o tempo de desempeño nesta situación computarase para a consolidación do grao correspondente ao nivel do posto obtido.

Non se computará o tempo de desempeño en comisión de servizos cando o posto fora de nivel inferior ao correspondente ao grao en proceso de consolidación.

7. Aos funcionarios que se atopen nas dúas primeiras fases de reasignación de efectivos e na situación de expectativa de destino a que se refire o artigo 20.g) da Lei 30/84 de medidas para a reforma da función pública, así como ós afectados pola supresión de postos de traballo ou alteración do seu contido prevista neste regulamento, computaráselles o tempo transcorrido nas ditas situacións para os efectos de adquisición do grao persoal en proceso de consolidación.

8. O tempo de servizos prestados en adscrición provisional polos funcionarios removidos en postos obtidos por concurso ou cesados en postos de libre designación non se considerará como interrupción para os efectos de consolidación do grao persoal se a súa duración é inferior a seis meses.

9. O tempo de permanencia na situación de servizos especiais será computado, para os efectos de consolidación do grao persoal, como prestado no último posto desempeñado na situación de servizo activo ou no que durante o tempo de permanencia na dita situación se obtivera por concurso.

10. O tempo transcorrido en excedencia por coidado de fillos durante o primeiro ano da mesma

computarase como prestado no posto de traballo do que se é titular.

11. A competencia para recoñecer o grao persoal corresponde ao alcalde, que dictara para isto a correspondente resolución.

12. O grao persoal comporta o dereito a percibir como mínimo o complemento de destino correspondente.

### **Artigo 28. Intervalo de niveis.**

1. Os intervalos de niveis de postos de traballo do Concello de Santiago que corresponden a cada corpo ou escala, de acordo co grupo no que figuren clasificados, son os seguintes:

	<b>Grupo</b>
	<b>Nivel mínimo</b>
<b>Nivel máximo</b>	
A	22
B	30
C	18
D	26
E	16
	22
	14
	18
	12
	14

2. En ningún caso os funcionarios poderán obter postos de traballo non incluídos no intervalo de niveis correspondente ao grupo no que figure clasificado o seu corpo ou escala.

### **Artigo 29. Garantía do posto de traballo.**

1. Aos funcionarios que cesen en postos de libre designación e aos removidos dos obtidos por concurso, ou os que o seu posto de traballo sexa suprimido, atribúraselles o desempeño provisional dun posto de traballo de acordo coas previsións establecidas no presente regulamento. A atribución será feita polo alcalde.

2. Os postos cubertos mediante adscrición provisional convocaranse para a súa cobertura con carácter definitivo polos sistemas previstos na relación de postos de traballo. Os funcionarios que os desempeñen terán a obriga de participar nas correspondentes convocatorias.

#### DISPOSICIÓN FINAL

No non previsto no presente regulamento aplicárase o disposto no Regulamento xeral de ingreso, de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración do Estado, aprobado polo Real decreto 364/1995 do 10 de marzo.

#### DISPOSICIÓN ADICIONAIS

##### ***Primeira.***

1. Dada a tipoloxía dos postos de traballo do Concello de Santiago, só se levarán a cabo inicialmente convocatorias para a provisión daqueles postos que pola súa denominación e contido se diferencien dos restantes a desempeñar por funcionarios do mesmo corpo, escala e grupo, figurando como singularizados na relación de postos de traballo.

2. En concreto, serán obxecto de provisión mediante convocatoria pública entre todos os funcionarios que reúnan os requisitos para acceder a eles, todos os postos que supoñan xefaturas, agás que veñan atribuídas ao titular pola singularidade do posto de traballo que ocupa.

3. No prazo dun ano dende a aprobación do presente regulamento, convocarase un primeiro concurso de traslados de postos de traballo non singularizados, ao abeiro do disposto no artigo 26 deste regulamento.

##### ***Segunda.***

As convocatorias de provisión de postos de traballo do Concello de Santiago entenderanse, con carácter xeral, referidas a funcionarios pertencentes ao cadro de persoal do propio Concello. Excepcionalmente, poderase ampliar o abano da convocatoria para algún posto de traballo determinado cando así se recolla nas bases específicas da correspondente convocatoria.